TRADUTORES AUTOMÁTICOS

Os tradutores automáticos poden supor unha grande axuda para un tradutor ou tradutora profesional, mais en ningún caso poden substituílo/a por completo, pois a máquina carece da visión do mundo dos seres humanos.

De todos os xeitos, aquí coméntase algo sobre os dous tradutores automáticos castelán-galego de maior calidade.

Tradutor ES-GL

Na ligazón http://www.xunta.es/tradutor temos acceso ao tradutor que ofrece a páxina da Xunta de Galicia e que nos permite traducir do español ao galego words, documentos (cun máximo de 4.096 caracteres) e páxinas web. Esta ferramenta permite tamén traducir de catalán a galego e de francés a galego, aínda que estas opcións están aínda en proba.

O seu manexo é moi doado, abonda con escoller a lingua desde a que queremos traducir, eliximos a área temática (e o enderezo web, no caso das páxinas web) e prememos en Traducir.

OpenTrad

No enderezo http://sli.uvigo.es/tradutor/ podemos encontrar o *Tradutor OpenTrad apertium* un proxecto da Universidade de Vigo e outras universidades do Estado español ao que tamén se pode acceder desde http://www.opentrad.org, onde encontramos a versión completa do proxecto que nos permite traducir do español ao catalán, ao galego e ao eusquera

Este tradutor permítenos facer diferentes traballos, podendo usarse para traducir texto simple, para traducir documentos ou mesmo para traducir webs.

Traducíndote

Podemos acceder a este programa desde o sitio web do IES Chan do Monte http://www.ieschandomonte.edu.es/traducindote/sobre.php. Traducíndote é un programa, realizado en PHP, para traducir arquivos con formato odt de Openoffice. Para iso utiliza o software de tradución Opentrad-Apertium, con licenza GPL, que ofrece a súa calidade de tradución, sobre todo, en pares de idiomas da península. Español, galego, catalán, portugués tradúcense cun bo resultado pola similitude, mentres que o paquete catalán-inglés é francamente mellorable porque, ademais das evidentes diferenzas, a súa creación está na fase preliminar.